

# Simone de Beauvoir

Historia da Filosofía

# Simone de Beauvoir

- Simone de Beauvoir nace en París o 9 de xaneiro de 1908 no seo dunha familia descendente da aristocracia por parte de pai e da alta burguesía por parte de nai.
- Con todo, durante a Primeira Guerra Mundial a súa familia sofre grandes perdas económicas.




# Simone de Beauvoir

- Estuda nun colexio católico privado e conclúe a súa formación na Universidade da Sorbona licenciándose en Letras, con mención en Filosofía, no 1929 cunha tese sobre Leibniz.
- Nesta etapa da súa vida **coñece a Simone Weil e a Jean Paul Sartre.**



# Simone Weil

- O pensamento de Simone Weil (1909-1943) é unha mestura radical de **activismo social, filosofía política e misticismo cristián**.
- Algunhas ideas importantes son:
  - No ensaio *A Ilíada ou o poema da forza* (1940), analiza como **a guerra e a violencia deshumanizan tanto a quen a exerce como a quen a padece**.
  - Weil fala das (nas *Botar raíces* ou *A necesidade de raíces*) nas **necesidades da alma**, sendo a principal o **arraigamento** (*L'Enracinement*) = **necesidade de pertencer a unha comunidade que conserve o pasado e a cultura**



# Simone Weil

**Crítica ao colectivismo** (doutrina ou patrón social que prioriza o benestar, os obxectivos e os dereitos do grupo -xa sexa o Estado, unha comunidade ou unha clase social- por riba dos intereses e a autonomía do individuo). **Weil ataca tanto o capitalismo industrial como os totalitarismos por "desarraigar" ao ser humano.** Os métodos son os seguintes:

- **A idolatría social:** O Estado ou o partido convértense nun fin en si mesmos, esixindo unha obediencia cega que anula a capacidade do individuo para discernir o ben e a xustiza por conta propia.
- **A perda da responsabilidade:** Nas estruturas colectivistas, o individuo é só unha peza dunha engrenaxe. Ao non ter control sobre o seu traballo nin sobre as decisións da súa comunidade, a persoa perde o sentido da súa propia existencia e a súa conexión co mundo.
- **A uniformidade forzada:** O colectivismo elimina a diversidade das tradicións e os lazos locais en favor dunha estrutura centralizada e técnica.
- **O desprezo polo pasado:** O colectivismo adoita estar obsesionado co progreso ou o futuro ideolóxico, cortando os fíos coa historia e as tradicións que dan sentido á vida presente.



# Simone Weil

Weil non só **teorizou** (*A condición obreira & Reflexións sobre as causas da liberdade e da opresión social*) **sobre os pobres**, senón que traballou en fábricas (como na Renault) para vivir a súa realidade → Concluíu que **a división moderna do traballo é unha forma de escravitude mental**.



# Simone Weil

- A cadea de montaxe e a escravitude mental:
  - **A transformación do home en cousa:** No sistema de cadea de montaxe, o obreiro non necesita entender o que fai; só necesita repetir un movemento mecánico. Ao non haber necesidade de usar a intelixencia, o traballador convértese nunha extensión da máquina.
  - **A perda do sentido:** O traballador perde a conexión co obxecto final. Non fabrica unha ferramenta, só aperta unha porca mil veces. Ao non comprender a finalidade do seu esforzo, a súa mente baleírase e degrádase.
  - **O tempo como verdugo:** Weil explicaba que o obreiro vive baixo a presión do ritmo da máquina. Esta urxencia constante impide a reflexión, sometendo a atención do individuo a un presente perpetuo e baleiro de pensamento.
  - **A xerarquía do coñecemento:** A división do traballo crea unha brecha entre quen "planea" (enxeñeiros/directores) e quen "executa". Para Weil, esta exclusión do pensamento no traballo manual é a forma máis profunda de opresión, pois arrebatada ao ser humano a súa dignidade intelectual.

# Simone Weil

- Simone Weil **morre a temperá idade** **despois de alistarse nas brigadas internacionais para loitar contra o fascismo** durante a guerra civil española e unirse posteriormente á Resistencia francesa fronte a ocupación nazi.



# Simone de Beauvoir

- Inicia unha relación amorosa aberta con Sartre, que se imporá como un dos intelectuais máis destacados da súa época, ata a morte deste. Non casarán nin compartirán teito, e as numerosas relacións que ambos terán con outras persoas serán ocasión de escándalo.
- Tamén se lle criticará a Beauvoir que a pesar de loitar toda a vida polo recoñecemento do valor das mulleres, sempre quedou á sombra do seu compañeiro.



# Simone de Beauvoir

- En 1929 ambos aproban as oposicións de Filosofía, el como primeiro, ela como segunda, orde que vai ser o símbolo das súas carreiras intelectuais e da dependencia con respecto a Sartre.
- Adicarase ao ensino público, pero é destituída coa acusación de corrupción de menores por ter unha relación cunha alumna de 17 anos, algo que na época non sería problemático se ela fose un varón.


# Simone de Beauvoir

- Beauvoir tamén visita España en 1931, ano no que se recoñece ás mulleres o dereito **ao voto** (que será posteriormente revogado cando Franco chega ao poder en 1939).
- En Francia recoñeceuse só en 1945.



# Simone de Beauvoir

- Durante o período da Segunda Guerra Mundial, Beauvoir e Sartre conseguem mudarse a París onde publica a novela ***A invitada*** e traballa na radio libre Radio Vichy.
- Con Sartre, Merleau-Ponty, Raymond Aron e Boris Vian funda a **revista existencialista *Les Temps Modernes***.
- Finalizada a IIª Guerra Mundial publica a súa obra máis importante ***O Segundo Sexo***, un dos ensaios feministas máis influíntes do século XX. O santo Oficio en 1956 inclúe *O Segundo Sexo* no índice dos libros prohibidos por defender o amor libre e estar en contra do matrimonio.



# Simone de Beauvoir

- O compromiso social e político de Beauvoir esténdese a outras cuestións, como o apoio prestado ao **movemento de liberación de Alxeria na guerra de independencia**.
- Con todo, a partir das contestacións do 68 focalízase na **loita pola emancipación das mulleres**, así que en 1970 entra no MLF (Movemento de Liberación das Mulleres).







# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico

- O marco filosófico no cal se encadra o pensamento de Beauvoir é o a **filosofía existencialista**, que se nutre das súas discusións con **Sartre**, -a quen ela corruxía a súa produción filosófica- e da lectura de **Kierkegaard e Heidegger**.
- Tamén recibe a influencia de **Hegel** (idealismo alemán), sobre todo no referente á construción da conciencia individual mediante a relación dialéctica co “outro”, unha relación desigual establecida cos roles de *amo e escravo*.


O **pensamento de Beauvoir é profundamente orixinal** ao **fundir** os conceptos e as temáticas **existencialistas coa defensa dos dereitos das mulleres**.



# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico. Dialéctica do amo e o escravo (Hegel)

- **Obxectivo:** Demostrar que a conciencia dun mesmo non nace da introspección, senón do recoñecemento doutra persoa.
- Os seus puntos clave son:
  - A interdependencia: Ninguén é "alguén" no baleiro. Para sentirnos suxeitos, necesitamos que outro suxeito recoñézanos como tales.
  - A loita polo prestixio: O encontro inicial é un conflito a vida ou morte. Quen teme morrer e réndese convértese en escravo; quen está disposto a morrer pola súa liberdade convértese en amo.
  - A liberación: A través do traballo, o escravo descobre que é máis libre e humano que o amo, logrando finalmente unha conciencia superior.
- **Conclusión:** A identidade humana é un proceso social e que a verdadeira liberdade xorde da superación da dependencia mediante a acción e o traballo.

LA VIDA ES COMO  
UN LIBRO DE HEGEL



# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico

## Dialéctica do amo e do escravo (Hegel):


- Inflúe en:

- Marxismo → Materialismo histórico → Loita de clases: Amo (burgués, explotador) - Escravo (proletariado , explotado).
- Existencialismo → Relacións persoais:
  - A **mirada do outro** me “obxectiva“ (é dicir te convirte nun obxecto incapaz de cambiar) e perdo a miña liberdade (o amo intenta dominar a mirada do escravo). Por exemplo: “Fulanito é un cobarde” → A etiqueta de cobarde convirte a “fulanito” nunha cousa incapaz de cambiar. Se convirte nun *ser - en - sí*.
  - A **loita pola liberdade**: A identidade non é algo estático; é unha loita constante por non deixar que os demais definan quen es.

“O inferno son os outros” (*A puerta cerrada*). Sartre sobre a mirada crítica e constante dos demais



A puerta cerrada  
Jean Paul Sartre



Clásicos Universales

GRUPO EDITORIAL

# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico

## • Dialéctica do amo e do escravo (Hegel):

- Dúas conciencias A e B se encontran e comezan unha loita por ser recoñecidas como suxeitos e non obxectos. É unha loita *a morte*. Ao final da loita unha delas se somete por medo a morte: é o escravo.
- O amo (conciencia A) domina ao escravo (conciencia B).
- O escravo aprende, transforma a natureza e produce.
- O amo non ten habilidades nin coñecementos pero é "libre".
- O escravo ten coñecementos e habilidades pero non é libre.
- Un día o escravo decátase de que as súas habilidades e coñecementos o fan imprescindible para ao amo. Sen el/ela o amo non pode facer nada xa que quedou estancado. Comeza así a súa liberdade interior.
- O amo pola contra depende completamente do escravo. A súa liberdade é aparente.
- O amo finalmente recoñece o valor do escravo como suxeito libre e valioso. A relación entre amo e escravo se rompe para ser unha relación entre iguais. Conclusión: A auténtica liberdade baséase nunha relación de interdependencia entre iguais.



# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico

## CÓMIC 1: LA DIALÉCTICA DEL AMO Y EL ESCLAVO (Hegel)

**1 ENCUENTRO ENTRE DOS CONCIENCIAS**  
Dos conciencias libres se encuentran y cada una quiere ser reconocida como superior.  
¡Yo soy independiente!  
¡Yo también! ¡Reconóceme!

**2 LUCHA POR EL RECONOCIMIENTO**  
Cada conciencia está dispuesta a luchar, incluso a arriesgar su vida, para no ser tratada como objeto.  
¡Prefiero morir antes que someterme!  
¡Entonces lucharemos!

**3 RENDICIÓN DE UNA CONCIENCIA**  
Una de las conciencias, por miedo a la muerte, renuncia a la lucha y se somete.  
Tú serás mi amo.  
Me someto!

**4 NACE LA RELACIÓN AMO-ESCLAVO**  
El amo recibe reconocimiento, pero de un ser sometido. El esclavo obtiene la vida, pero pierde su libertad.  
Soy reconocido y superior.  
He salvado mi vida.

**5 EL TRABAJO DEL ESCLAVO**  
El esclavo trabaja y transforma el mundo. A través del trabajo, transforma también su propia conciencia.  
Transformo la naturaleza... aprendo, creo, me hago capaz.

**6 DEPENDENCIA DEL AMO**  
El amo, que no trabaja, depende del esclavo para satisfacer todas sus necesidades.  
No puedo hacer nada sin él. Dependo de su trabajo.

**7 TRANSFORMACIÓN DEL ESCLAVO**  
El trabajo da al esclavo disciplina, experiencia y conciencia de sí. Supera el miedo y adquiere independencia interior.  
Ya no tengo miedo. Sé lo que soy capaz de hacer.

**8 INVERSIÓN DE LA RELACIÓN**  
El esclavo se vuelve independiente y el amo revela su vacío: sin el esclavo, no es nada.  
Yo me he formado a mí mismo.  
Sin él, no soy nada.

**9 HACIA EL RECONOCIMIENTO MUTUO**  
La verdadera libertad solo es posible en una relación de reconocimiento mutuo, entre iguales.  
Nos reconocemos como iguales. Así, ambos somos libres.

A muller como "outro" / "escravo" →

A muller é etiquetada baixo a ollada masculina negándolle a liberdade de definir quen é ou quere ser.

**IDEA CLAVE:** la autoconciencia se forma en relación con otra conciencia. La libertad auténtica solo existe en el reconocimiento mutuo y en la superación de la dominación.

## CÓMIC 2: SIMONE DE BEAUVOIR y la construcción de la conciencia de la mujer

**1 NO SE NACE MUJER, SE LLEGA A SERLO**  
Para Beauvoir, la mujer no está determinada por la biología, sino por la educación, la cultura y la historia.  
No es mi cuerpo lo que me define, sino lo que la sociedad espera de mí.

**2 LA MUJER COMO "OTRO"**  
En una sociedad patriarcal, el hombre es el Sujeto (lo esencial) y la mujer es el Otro (lo secundario).  
Yo soy el Sujeto, lo importante.  
Yo soy el Otro.

**3 IMANENCIA: LA MUJER EN EL ÁMBITO PRIVADO**  
A la mujer se le asigna el espacio doméstico, la maternidad y el cuidado. Su mundo es limitado y repetitivo.  
Casa, hijos, cocina, limpieza... Siempre lo mismo.

**4 TRASCENDENCIA: EL HOMBRE EN EL ÁMBITO PÚBLICO**  
El hombre actúa, crea, decide, participa en la historia y en la cultura. Él trasciende; ella permanece.  
Trabajo, política, ciencia, arte... Yo construyo el mundo.

**5 INTERIORIZACIÓN DE LA SUBORDINACIÓN**  
Desde pequeña, la mujer aprende que debe ser "femenina", obediente, dependiente y complaciente.  
Sé buena, bonita, callada y dedicada a los demás.  
Así es como debo ser.


**6 TOMA DE CONCIENCIA**  
La mujer puede empezar a cuestionar ese papel impuesto y descubrir que es un producto social, no un destino natural.  
Puedo pensar, decidir y elegir. No estoy destinada a ser solo "para otros".

**7 BÚSQUEDA DE LIBERTAD**  
La mujer lucha por salir del rol impuesto, formarse, trabajar, participar y decidir sobre su vida.  
Quiero proyectar mi propia vida, no la que esperan de mí.

**8 PROYECTO PROPIO**  
La mujer se convierte en sujeto de su propia historia y construye su identidad desde la libertad.  
Elijo mis valores, mis metas y mi camino.

**9 IGUALDAD EN LA ALTERIDAD**  
Solo en una relación de igualdad entre sujetos libres (hombre y mujer) puede haber un mundo justo.  
No se trata de ser iguales, sino de ser reconocidos como iguales.

**IDEA CLAVE:** la mujer ha sido construida como "Otro" para mantener el dominio masculino. La liberación comienza cuando toma conciencia y se afirma como sujeto libre.




# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico. Existencialismo. Jean Paul Sartre.

- Os conceptos básicos da filosofía de Sartre que influirán en Beauvoir son os de **proxecto, “outro”, transcendencia e liberdade.**
- **O ser humano non é algo dado, é un proxecto que se realiza a través das decisións que se van tomando ao longo da vida.**
- A liberdade é inherente á condición humana, e con ela, a responsabilidade dos actos que se realizan empregando tal liberdade.

**“O home está condenado a ser libre.** Condenado, porque non se creou a si mesmo, e con todo, doutra banda, libre, porque unha vez lanzado ao mundo é **responsable de todo o que fai”**

*O existencialismo é un humanismo, Jean Paul Sartre*



# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico. Jean Paul Sartre e o existencialismo.

- Distinción ontolóxica: entre **ser-en-si** e **ser-para-si**.
- O **ser-en-si** é propio das cousas e os animais.  
Trátase dun **mundo pechado** (no que o ser non ten conciencia -está pechado sobre sí mesmo- non pode cambiar nin converterse noutra cousa= inmanencia) e **falta de liberdade**. █

Biblioteca de Obras Maestras del Pensamiento

SARTRE

El ser y la Nada

*Losada*

# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico. Jean Paul Sartre e o existencialismo.

- O **ser-para-si** é propio dos seres humanos e corresponde á **conciencia que cada humano ten de ser absolutamente libre e de ser algo diferente ao ser-en-si** (ás cousas e animais que non teñen a capacidade de decidir a súa vida, solo poden vivila) = trascendencia
- Se non podemos vivir libremente, pola nosa elección ou por imposición, convertémonos en seres inmanentes e experimentamos unha **caída ontolóxica e moral** que nos degradará a ser “cousas”.

**Nos seres humanos a existencia precede a esencia;**  
mentres que nos animais e as cousas a súa esencia precede a existencia.

# Simone de Beauvoir. Contexto filosófico. Jean Paul Sartre e o existencialismo.



**SER EN SÍ, SER PARA SÍ**


Obras representativas ..... *El ser y la nada*  
 Conceptos relacionados ..... método dialéctico (p. 174), la existencia precede a la esencia (p. 288), *engagement* (p. 292)  
 Nota ..... las expresiones "en sí" y "para sí" son propias del método dialéctico de Hegel. Sartre las reinterpreta y las aplica a su reflexión



Para Sartre, el yo no es algo que existe desde el nacimiento. Desde el principio únicamente existe la conciencia. Ésta irá formando gradualmente el yo distinguiéndolo del vaso y del resto de los objetos, del yo del pasado, y del yo de las otras personas.

De este modo, Sartre define el **ser para sí** como el estado ideal del ser humano ("la existencia precede a la esencia", p. 288) que va construyendo su esencia llamada "yo" mientras se toma en consideración ininterrumpidamente a sí mismo. Llama, por el contrario, "**ser en sí**" a la existencia fijada como esencia desde el principio, como la que caracteriza a las cosas.

**LOS SERES HUMANOS (SER PARA SÍ) NO EXISTEN EN UN DETERMINADO LUGAR, SINO EN OTRA PARTE**



Además, el ser para sí se distingue del yo del pasado, pero también del yo del presente. Esto pasa porque cuando el yo se hace consciente de sí mismo ya ha superado el presente. Dado que el ser humano vive en el ámbito de lo posible, el ser humano no existe **en un determinado lugar** (del pasado al presente), **sino en otra parte** (futuro). La libertad como posibilidad infinita provoca desasosiego en el ser humano. Sartre sostiene que el ser humano tiende a menudo a huir de esta ansiedad encarnando el papel que le asignan los demás.

Yo soy camarero del Café de Flore

Te estás engañando a ti mismo

CAFE DE FLORE

Cuando defino quién soy renunciando a mis propias posibilidades y encarnando el papel de "camarero de bar" que me imponen los demás coincido con el ser en sí, me cosifico. Además la mirada del otro refuerza mi interpretación. A su vez, mi mirada refuerza también el papel que interpretan los demás


Simone de Beauvoir. O segundo sexo

# O SEGUNDO SEXO

# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- O Segundo Sexo é un **ensaio**:
  - Antiesencialista (“a femininidade non está colgada do ceo de Platón”)
  - Antinaturalista (“nin algo que segregan os ovarios”).

Para algunhas voces *O segundo sexo* considérase unha **radicalización da tradición feminista ilustrada** (François Poullain de La Barre, Olympe de Gouges, Mary Wollstonecraft) e **sufrajista** (Pankhurst, Cady Stanton) que mantiñan que o corpo das mulleres non é un obstáculo para o recoñecemento dos seus dereitos políticos e civís.



# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- Beauvoir reinterpreta os principios existencialistas de Sartre para explicar a condición da muller, xa que na súa época dábase por feito que o seu status era o dun ser-en-si fronte ao home, ser-para-si.



Home: Ser - para - si

É consciente de que é libre (pode decidir sobre a súa vida e distinto do *ser - en - si*)  
--> *Trascendencia*

O seu mundo é aberto, grazas a súa conciencia e liberdade pode reinventarse e avanzar



Muller: Ser - en - si



Non é libre nin ten conciencia (non pode decidir sobre a súa vida, nin ser algo distinto do que é ) --> *Inmanencia*  
O seu mundo é pechado.

Para Beauvoir, ser muller non é algo dado unha vez para sempre, como a tradición cultural occidental sostíña de distintos xeitos.

# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- **Non existe o “eterno feminino”** (concepto do século XIX que mantén que as mulleres se definen por algunhas características naturais como: fragilidade, emotividade, irracionalidade, por seren coidadosas, dependentes, pasivas, frívolas etc.) **que condena ás mulleres a un “destino biolóxico”**.

Para Beauvoir, a muller é un suxeito ao cal a milenaria tradición occidental está a **impedir vivir a súa situación existencial de forma libre condenándoa á inmanencia** (a ser un ser-en-si, un obxecto).



# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- “ Non se nace muller, chégase a selo” = Non existe unha esencia/ identidade feminina fixa da cal se derivan as características específicas da feminidade senón que é unha **construcción social** resultado de factores como:
  - Socialización diferenciada = Adquisición dunha identidade de xénero en base á idea de xénero que teñen na súa cultura.
  - Cultura chea de mitos e explicacións científicas, sociolóxicas e políticas falsas que a degradaron a ser xerarquicamente inferior ao home.



Medea



Lilith

# Simone de Beauvoir. O segundo sexo




**Socialización diferenciada**



Idea de muller


Nacemento

Desenvolvemento



**Cultura**

**“ Non se nace muller, chégase a selo ”**



Simone de Beauvoir. O segundo sexo

**A mulher no arte e  
pensamento ocidental**



# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- Este é significado do título da súa obra máis influínte **O Segundo Sexo = A muller é segunda con respecto ao home que é o primeiro.**
- “Home” é o termo que se utiliza para indicar ao xénero humano, polo tanto o ser humano é masculino. A humanidade defínese como home, a muller é unha modificación de segunda clase del, o “Outro”.



# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- O *Segundo Sexo* divídese en dous volumes:
  - “Os feitos e os mitos”:
    - Utiliza o **método analítico-regresivo** (vai do complexo ou dunha conclusión final cara atrás ata as súas causas → regresivo / descompoñendo o obxecto de estudio en partes máis pequenas → analítico) **para reconstruír**, mediante un percorrido histórico, cultural e científico, **os elementos que levaron á subordinación da muller**.
    - Aplica o **test de androcentrismo** (non imaxinarse un test *multichoice*) aos **distintos discursos científicos e culturais hexemónicos** (bioloxía, psicanálise, materialismo histórico, mitoloxía, relixión...) e **demostra que o “eterno feminino”** non é un derivado dos instintos e das hormonas (determinismo naturalista), senón **unha construción cultural interesada**.

O sistema de dominación masculino negou á muller a **posibilidade de actuar libremente, de transcenderse, degradándoa a un ser-en-si**. Esta subordinación é unha **construción cultural ao servizo do patriarcado** e avalada polos distintos discursos científicos e culturais hexemónicos.



# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

## Materialismo Histórico (Marx / Engels)

“A opresión da muller naceu coa propiedade privada. Cando o home quixo herdar riquezas aos seus fillos, precisou controlar a fidelidade da muller, convertíndoa na súa propiedade”  
“A muller é unha peza máis na engranaxe da reprodución da forza de traballo.”  
“Si el socialismo acaba con la propiedad privada, la opresión de la mujer desaparecerá automáticamente.”

## Cuestionamento de Simone de Beauvoir

*Por qué o home sentiu o desexo de ser dono de algo? , por qué o desexo de dominio volcouse na muller e non ao revés?*

## Conclusión (Beauvoir)


“O marxismo asume que o home ten unha ambición natural de poder, pero non explica de onde sae ese impulso. O materialismo histórico trata á muller como unha consecuencia económica, non coma un ser humano coa súa propia loita existencial.”  
“O marxismo reduce á muller a unha entidade puramente económica e ignora que o corpo feminino (a maternidade) ten unha carga biolóxica e existencial que non se pode explicar só con "clases sociais"  
“Isto é un erro de perspectiva masculina. Aínda que a muller traballe nunha fábrica e gañe un soldo (igualdade económica), o home seguirá véndoa como "o Outro" a menos que cambie a estrutura da conciencia humana

Exemplo de test de *androcentrismo*

# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- No segundo volume “**A experiencia vivida**” utiliza o **método sintético-progresivo** (parte dos elementos simples que actúan como causas ata chegar ao efecto / conclusión → progresivo, intentando agrupar os elementos illados dentro dun todo → sintético) para **analizar as vivencias actuais das mulleres nas diferentes etapas da súa vida.**

Para Beauvoir **as mulleres, desde temperá idade, son socializadas e condicionadas para adoptar un comportamento e un rol subordinados aos intereses do home, ata converterse nunha figura estereotipada:** a nai, a esposa, a prostituta, a virxe, pero tamén a mística, a narcisista, a namorada...



# Simone de Beauvoir. O segundo sexo

- A “Experiencia vivida” remata co capítulo “Cara á liberación” onde Beauvoir expresa a **urxencia da independencia económica, unha educación e a loita colectiva para que as mulleres poidan saír da subordinación cara á autonomía.**

Se cumplen 50 años desde que las mujeres en España pueden abrir una cuenta bancaria sin permiso de un hombre. Solo 50 años. No es historia antigua. Es memoria reciente.



Nuestro banco cree en los derechos de la mujer. Y lo demuestra.

El Banco de Bilbao y G. de Vizcaya, S.A. (Banco de Bilbao) es una entidad de crédito que forma parte del Grupo Banco Santander. El Banco de Bilbao y G. de Vizcaya, S.A. (Banco de Bilbao) es una entidad de crédito que forma parte del Grupo Banco Santander. El Banco de Bilbao y G. de Vizcaya, S.A. (Banco de Bilbao) es una entidad de crédito que forma parte del Grupo Banco Santander.

**BANCO DE BILBAO** 

Simone de Beauvoir. A orixe do patriarcado

# A ORIXE DO PATRIARCADO

# Simone de Beauvoir. A orixe do patriarcado

- En liña co seu pensamento anti-esencialista e anti-naturalista, **Beauvoir** está convencida que o patriarcado non é un derivado da natureza masculina.
- Para **explicar a súa orixe** volve utilizar:
  - Dialéctica hegeliana do **amo e o escravo** aplicándoa á relación entre os dous sexos.
  - Categorías existencialistas de ***ser-en-si e ser-para-si***

# Simone de Beauvoir. A orixe do patriarcado



Os homes arriscan a súa vida nas expedicións de caza ou na guerra. Son actividades perigosas.

Os homes saen da pura repetición da vida e transcéndena (ser - para sí): realizan o seu proxecto de liberdade.

Para o guerreiro a vida non é o ben supremo, senón que “debe servir a fins máis importantes ca ela mesma”

Acrescentamento do seu prestixio

**IMPOSICIÓN DOS SEUS VALORES (amo)**

Limítanse a procrear e a coidar da casa e os fillos, actividades estas que son consideradas naturais. Son o seu “destino biolóxico” (ser - en - sí) ineludible e obrigatorio. Non poden ser doutro xeito.

As mulleres poden recibir protección dos homes, pero anúlase a posibilidade e a súa responsabilidade moral de construír o seu proxecto vital.




# Simone de Beauvoir. A orixe do patriarcado. O corpo vivido.

- As mulleres son reducidas a ser corpo (un obxecto puramente biolóxico), pero para Beauvoir, **o corpo é corpo vivido**. A maneira en que se vive depende do contexto cultural, de maneira que o factor cultural resulta decisivo para comprender as causas da opresión.
- O **corpo vivido non é un obxecto biolóxico inerte, senón unha situación**. Isto significa que o corpo é a ancoraxe a través do cal existimos e proxectámonos no mundo; non só "temos" un corpo, senón que **"somos" un corpo que experimenta a realidade** (e as súas crenzas, imposicións, etc.)

Ao definir o corpo como "vivido", **Beauvoir rexeita que o destino dunha persoa estea escrito na súa bioloxía** nunha sorte de determinismo biolóxico.

# Simone de Beauvoir. A orixe do patriarcado


- **Contexto cultural:** O corpo non se vive como un dato "bruto" ou puramente anatómico. Por exemplo, procesos biolóxicos como a menstruación ou a puberdade non son só feitos físicos, senón que están **cargados de significados, prexuizos e mitos sociais** que ditan como a muller sente e habita.
- **O corpo como situación:** Para Beauvoir o corpo é:
  - linstrumento de liberade (a través da acción que permite que -a súa vez- permite a transcendencia do individuo máis aló do puramente biolóxico e desenvolver o seu proxecto de vida),
  - Lugar onde se exerce a opresión. O corpo foi historicamente un límite (físico, intelectual, etc.) imposto pola mirada do "Outro" (o home), condicionando as súas posibilidades de acción.



Cadro estilo Biedermeier  
(século XIX)

# Simone de Beauvoir. A orixe do patriarcado

- Un percorrido histórico mostra a falta de oportunidades que a muller sufriu para desenvolver a súa liberdade.





Simone de Beauvoir.

**A CONSTRUCCIÓN DO SUXEITO  
MASCULINO E A ALTERIDADE FEMININA**

# A construción do suxeito masculino e da alteridade feminina

## A construción do suxeito masculino e da alteridade feminina



- Na *dialéctica do amo e o escravo* Hegel explica que a conciencia xorde do conflito co “Outro”. O suxeito afírmase cando se opón a alguén diferente a si. Ambas conciencias loitan por ser recoñecidas. Quen está disposto a arriscar a vida convértese no amo, que vai dominar ao escravo.
- Beauvoir traslada esta figura á relación home-muller: arriscando a súa vida, o home mostra a súa superioridade e convértese no xenericamente humano, o humano por antonomasia.
- O traballo repetitivo das mulleres, asociado ás tarefas necesarias para a supervivencia da especie relégaas a un plano de inferioridade, dependencia e servidume. Por isto Beauvoir chega a afirmar que “a humanidade acorda a superioridade do sexo que mata e non do que da a vida”.
- Esta situación enmárcase nun cadro interpretativo que coloca o cultural por enriba do natural, degradándoo e facendo que quede dispoñible para o dominio do varón.

Simone de Beauvoir. O legado do *Segundo sexo*.

# O LEGADO DO SEGUNDO SEXO

# Simone de Beauvoir. O legado do *Segundo Sexo*.


- Co segundo sexo xa convertido nun clásico, **Simone de Beauvoir** é unha das teóricas feministas máis importantes do século XX, e a **primeira en abordar a condición da muller en Occidente dun xeito interdisciplinar**.
- A súa obra marcará nos anos 70 a denominada «**segunda onda**» do **feminismo**, e porá **as bases da filosofía de xénero posterior** ao diferenciar o sexo biolóxico -que nos vén dado ao nacer- do xénero como construción social.
- A cuestión do xénero, xunto coa súa valoración da maternidade como unha carga, algo opcional e non esencial para as mulleres, serán os temas de Beauvoir que suscitaron máis debate entre as autoras feministas posteriores.



# Simone de Beauvoir. O legado do *Segundo Sexo*.



## Feminismo de Igualdade vs feminismo de diferenza

- O *feminismo de diferenza* defende a idea é que a muller non debe buscar ser igual ao home, porque iso significaría aceptar o modelo masculino como o estándar universal. A igualdade se persigue soamente a nivel de dereitos. En lugar diso, defende **que existe unha esencia ou natureza feminina propia que debe ser valorada e celebrada.**
- Mentres no segundo sexo a **maternidade** interprétase como unha desvantaxe para a muller, o *feminismo da diferenza* defende que é algo fermoso.



# Simone de Beauvoir. O legado do *Segundo Sexo*.

- O **feminismo da igualdade** entende que a construción social -imposta- do feminino e masculino debe dar paso a unha sociedade que parta **dun novo contrato social**, onde ademais de existir igualdade xurídica de homes e mulleres, poida racharse o contrato sexual precedente, que distorsionou a conciencia da humanidade ao crer que había un sexo superior, e permita preguntarse á humanidade e a cada persoa cal é o propio sentido e fin da vida.
- En calquera caso, e a pesar das controversias que suscitou ao longo das últimas décadas, O segundo sexo é a base intelectual do feminismo contemporáneo.



Simone de Beauvoir. Críticas.

# Críticas a Simone de Beauvoir

# Críticas a Simone de Beauvoir

- **Loce Irigaray:** Para ela Beauvoir vía o corpo feminino e a reprodución como unha carga ("o en-sí") e a liberdade masculina como o ideal para imitar. Para as teóricas da diferenza, Beauvoir intentaba converter ás mulleres en homes en lugar de valorar o feminino.
- **Judith Butler** (Crítica desde a *Teoría Queer*): Butler reconece a importancia de Beauvoir, pero critica que esta aínda crese nun "suxeito muller" biolóxico. Beauvoir dicía que "non se nace muller, chégase a selo", pero Butler repróchalle que segue asumindo que o destino dese "chegar a ser" é un corpo biolóxico feminino. Butler leva a idea de Beauvoir ao extremo para dicir que, se o xénero é construído, entón non ten por que estar ligado ao sexo biolóxico en absoluto.
- **Nancy Fraser** e autoras marxistas: Beauvoir céntrase moito na "liberdade individual" e a "transcendencia" da conciencia, pero ignora as estruturas económicas e materiais (o capitalismo) que impiden que unha muller sexa libre, independentemente da súa vontade filosófica.

